



DECRETO.- Santiago de Compostela, 03 de decembro de 2018

1.- Con esta mesma data a Xefe do Servizo de Mobilidade e Seguridade, emite o seguinte informe:

O técnico municipal deste departamento do data de hoxe emite informe no que se pon de manifesto que, atendendo á continúa demanda por parte dos veciños da necesidade de solventar unha situación especial que se xenera na Calzada de Sar, en canto á utilización desta vía como apartamento de vehículos, xa que a mesma se atopa acotada nos seus extremos por un sinal de prohibición de aparcamento R-308 e unha placa complementaria indicado " en toda a rúa, zona pernil".

A Calzada de Sar está incluída na relación de vías da zona 6 de residentes, zona verde, con dereito a estacionar nas zonas establecidas para elo.

No obstante, existen 8 vivendas que só teñen acceso as mesmas pola parte alta da rúa para poder realizar algún tipo de carga e descarga cos seus vehículos, polo que dende o Servizo de Mobilidade e Seguridade estase a plantexar a necesidade da concesión, para estas 8 vivendas, de tarjetas de paso e parada.

As vivendas con derito ás tarjetas serías os números 42, 44, 46, 54, 56, 58, 62 e 64 da Calzada de Sar.

A Ordenanza de Circulación e Uso da Vía Pública, aprobada por acordo do Pleno da Corporación de 30 de marzo de 2006, publicada no BOP da Coruña o 22 de maio do mesmo ano, dispón no seu artigo 17, a prevalencia do uso peonil e a protección do patrimonio histórico sobre a circulación viaria e o estacionamento de vehículos.

Nos artigos seguintes a norma regula a posibilidade de acceso o casco histórico nun horario determinado, para a carga e descarga de mercaderías, fundamentalmente e tamén o paso e a parada necesaria para que os residentes do ámbito podan acceder ás súas vivendas o tempo indispensable, soamente mediante a parada e non con estacionamento, xustificando previamente o cumprimento dunha serie de requisitos, facilitando ase ós residentes da zona ou ben a aquelas persoas que teñan negocios na mesma ou que precisen por algúnha razón de interese xeral, como dificultades na mobilidades ou outras, acceder a dito ámbito.

Ase o parágrafo terceiro do artigo 19 da Ordenanza establece esta posibilidade ó determinar que:

As persoas que por razón de enfermidade ou minusvalía física e os vehículos que precisen achegarse a estas áreas fóra do horario ou en condicións diferentes das establecidas, débena solicitar por escrito ou directamente, en horario de oficina, no departamento de Tráfico que, logo das comprobacións oportunas, poderá autorizalo coas condicións que cumbran.

Os requisitos que se estima deben cumprir ós interesados que pretenden obter estes distintivos son os seguintes:

- Estar empadronados no domicilio no ámbito que comprende a prohibición. No suposto de que a solicitude se plantexe non por residencia senon por motivos comerciais ou por dispoñer dun establecemento mercantil, deberán presentar a copia da licenza de apertura ou a comunicación previa.

En todo caso, os distintivos somentes permiten a realización dunha parada, nos termos do que establece o artigo 31 da meritada Ordenanza, que supón a detención dun vehículo con obxecto de tomar ou deixar persoas ou de cargar ou descargar mercancías durante un tempo que non exceda de dous minutos e sen que o conductor abandone o vehículo.

Evidentemente estas limitacións ou prohibicións non afectan ós servizos de emerxencia, ambulancias, coches policiais, bombeiros, en actos de servizo ou vehículos autorizados por outras circunstancias de interese xeral.

Recolle este artigo 35 unha cláusula residual para todas aquelas persoas que por razóns de enfermidade ou minusvalía e outros cidadáns que con motivos xustificadas precisen acceder a esta zona fóra do horario ou en condicións diferentes das establecidas, deberán solicita e unha vez comprobadas as circunstancias que concurren podería autorizarse con carácter excepcional, expedindo o distintivo acreditativo.

Este réxime que en principio establécese para o ámbito do Casco Histórico peonalizado, debe aplilcarse tamén a outras zonas da cidade que presenten a mesma problemática, como é o caso da Calzada Romana de Sar, que por ser un ámbito protexido polo seu interese histórico, debe peonalizarse e evitar a circulación de vehículos para poder preservalo no estado actual.

A vista do exposto, e de conformidade coas determinacións da Ordenanza de Circulación e Uso da Vía Pública, procede, que polo Concelleiro Delegado de Mobilidade e Seguridade se expidan os correspondentes distintivos que autorizan nos supostos previstos na norma e previa comprobación do cumprimento dos requisitos, o paso e parada os números 42, 44, 46, 54, 46,48,62 e 64 da Calzada de Sar, para dar ós veciños destes inmobles a posibilidade de acceder cos seus vehículos a dita zona o tempo indispensable para realizar as xestións que precisen, sen permitir o estacionamento, soamente a parada.

2.- Ao abeiro do disposto no artigo 124.4.ñ) da Lei 7/85 de RBRL na redacción dada pola Lei 57/2003 de medidas para a modernización do goberno local e a Lei 4/2004 do 28 de xuño do Parlamento de Galicia, que establece no seu artigo 1 a aplicación ó Concello de Santiago do disposto na lexislación estatal, anteriormente sinalada, o Alcalde é competente para ditar a resolución que se interesa. Asemade, de conformidade co disposto no artigo 124 da Lei 7/85 na redacción dada pola Lei 57/03, por acordo de 23 de xuño de 2017, o Alcalde delega no concelleiro que asina a competencia que se interesa

3.- Visto o exposto nos parágrafos anteriores e en virtude das facultades que me confire a Lei 7/1985 de 2 de abril e na redacción dada pola Lei 11/99 e a Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

RESOLVO:

AUTORIZAR a expedición dos correspondentes distintivos de paso e parada, nos supostos previsto na Ordenanza de Circulación e Uso da Vía Pública, previa comprobación do cumprimento dos requisitos contemplados nos artigos 19 e 35 da norma, nos termos do sinalado no informe da Xefatura de Servizo transcrito neste acordo, para os residentes dos números 42, 44, 46, 54, 56, 58, 62 e 64 da rúa e para todos aqueles que o soliciten e reúnan as condicións e requisitos sinalados na normativa aplicable.

No procede a notificación individual deste acordo, ó estar dirixido a unha pluralidade indeterminada de interesados, polo que procederase a súa publicación na páxina web do Concello e nun dos diarios de maior circulación da provincia e no BOE

Notifíquese o presente decreto aos interesados e aos demais negociados, seccións ou servizos correspondentes.

O CONCELEIRO DELEGADO DE MEDIO AMBIENTE E CONVIVENCIA

Xan Xesús Duro Fernández